

c) Data de publicación dos anuncios de licitación: BOP nº 112, do 19 de maio e DOG nº 104, do 1 de xuño de 2004.

3. Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.

Tramitación: ordinaria.

Procedemento: aberto.

Forma: poxa.

4. Tipo mínimo de licitación.

Importe total: 313.200 euros (IVE incluído).

5. Adxudicación.

a) Data: 28-6-2004.

b) Contratista: *Negocios y Comercio Gallegos, S.A.*

c) Nacionalidade: española.

d) Importe de adxudicación: 315.102 euros.

Cambre, 2 de agosto de 2004.

(R.A. 26-6-2003)

Andrés Rafael López Arcay

Concelleiro-delegado de Urbanismo, Facenda e Réxime Interior

CONCELLO DA ESTRADA

Anuncio.

O Concello-Pleno, en sesión extraordinaria do día 6 de agosto de 2004, adoptou os seguintes acordos, sen prexuízo do ditaminado pola Comisión Informativa de Urbanismo na súa sesión do día 11 do mesmo mes e ano, e do potestativamente suspendido no que non resulte afectado:

a) Por 11 votos a favor (PP), 3 votos en contra (BNG) e 5 abstencións (PSdeG-PSOE) aprobouse inicialmente o Plan Xeral de Ordenación Municipal redactado pola empresa A.D.I.U., S.L., presentado e selado o día 26-7-2004, e integrado polos documentos referenciados no borrador da acta transcrita, coa substitución do tomo XV polo mesmo tomo modificado e presentado o día 16-8-2004 (RE 10.004).

b) Por unanimidade dos presente, (19) aprobouse someter o documento do PXOM referenciado a información pública polo prazo de 2 meses computado a partir da publicación do anuncio correspondente no *Diario Oficial de Galicia*, en prexuízo da súa publicación en dous dos xornais da maior circulación da provincia (dous días consecutivos) e da súa inserción no taboleiro municipal, dando simultánea audiencia e duante o mesmo prazo aos municipios limítrofes, e, solicitando, simultaneamente, ás administracións públicas competentes os informes sectoriais que resulten necesarios, que se emitirán no prazo máximo dun mes, agás lexislación sectorial en contrario. O PXOM poderá consultarse nas dependencias municipais habilitadas para o efecto.

c) Por 16 votos a favor (PP e PSdeG-PSOE) e 3 abstencións (BNG), e con base no aludido informe do sr. Rosón Gasalla (A.D.I.U., S.L.) de data

12-8-2004, levantar a suspensión (agás edificios catalogados) do procedemento de outorgamento/denegación das licenzas urbanísticas para os ámbitos seguintes, do que o seu grafado elaborado por A.D.I.U., S.L., así mesmo, se publicará:

-Ámbito da Ordenanza nº 7 (solo urbano industrial de Toedo).

-Ámbito da Ordenanza nº 10 (predio de *María Martínez Otero, S.A.*).

-Ámbito da Ordenanza nº 11 (predio da Academia Galega de Seguridade).

-Ámbito da Ordenanza nº 6-A (predio -sector/plan parcial- de *Lidl Supermercados, S.A.*).

-Solo urbanizable delimitado nº 4 de carácter industrial (sector delimitado con ocasión da modificación puntual nº IV da NOSP).

d) Por 16 votos a favor (PPdeG-PSOE) e 3 abstencións (BNG), en con base no aludido informe do sr. Rosón Gasalla (A.D.I.U., S.L.) de data 12-8-2004, levantar a suspensión (agás edificios catalogados) cando se cumpran os dous planeamentos, e nun exista disparidade, adoptando o principio da maior restrición cando fose necesario, pero declinando calquera responsabilidade ou peticións indemnizatorias que efectuasen as persoas físicas/xurídicas solicitantes de licenzas urbanísticas para o caso de que o PXOM sufrise modificacións substanciais que lles afectasen ao longo do procedemento aprobatoria ou que non se chegase a aprobar definitivamente nin entrar en vigor, para as seguintes rúas, do que o seu grafado elaborado por A.D.I.U., S.L., así mesmo, se publicará:

-Avda. de Santiago (no tramo comprendido entre rotondas).

-Avda. Benito Vigo (agás o cruzamento coa rúa Pérez Viondi onde non hai coincidencia no ancho viario entre as NOSP e o PXOM).

-Rúa Forcarei.

-Rúa Pérez Viondi (desde o entronque coa rúa Irmáns Valladares).

-Rúa Padrón.

-Rúa nº 35 (na que se respectará o ancho de 12 m).

-Avda. de Vigo (no tramo no que existe coincidencia de alturas entre as NOSP e o PXOM).

-Rúa Pontearreas (no tramo comprendido entre a rúa Baiuca e a avda. Benito Vigo).

-Rúa Baiuca (agás na zona con aliñación non consolidada).

-Trav. Rosalía de Castro.

-3ª Trav. avda. de América (agás na zona con aliñación non consolidada).

e) Por 11 votos a favor (PP) e 8 votos en contra (BNG e PSdeG-PSOE), aprobáronse inicialmente os borradores dos convenios urbanísticos presentados con *Dosemas, S.L.* e *Marbar, S.L.*, nos termos redactados, suxeitándose aos mesmos trámites de información pública que o PXOM.

A Estrada, 20 de agosto de 2004.

José A. Maceira Besteiro
Alcalde en funcións

